

**MODELO DE CONVENIO/ACORDO DE INSERCIÓN AOS EFECTOS DO PREVISTO NO SEU ARTIGO 13 DO DECRETO 156/2007, DO 19 DE XULLO, POLO QUE SE REGULA O PROCEDEMENTO PARA A CUALIFICACIÓN DAS EMPRESAS DE INSERCIÓN LABORAL, SE CREA O SEU REXISTRO ADMINISTRATIVO E SE ESTABLECEN AS MEDIDAS PARA O FOMENTO DA INSERCIÓN SOCIOLABORAL ( este modelo adaptarase a cada caso)**

***POR UNHA PARTE,***

D./Dna. \_\_\_\_\_, con DNI número \_\_\_\_\_ e número de expediente de RISGA \_\_\_\_\_ (se procede), en calidade de persoa traballadora,

***E POLA OUTRA,***

D./Dna. \_\_\_\_\_, en representación legal da Empresa de Inserción Laboral \_\_\_\_\_, con CIF \_\_\_\_\_ e sede social en \_\_\_\_\_

***E DOUTRA,***

D./Dna. \_\_\_\_\_, en calidade de *técnico/a dos Servizos Sociais Comunitarios básicos do Concello de \_\_\_\_\_ / do equipo de inclusión sociolaboral localizado en \_\_\_\_\_*<sup>1</sup>

**ACORDAN**

**Obxectivos do convenio de inserción**

---

Constitúe o obxecto do presente convenio establecer de mutuo acordo as accións específicas de carácter social necesarias para conseguir a inserción persoal, social e laboral de.....

---

<sup>1</sup> Ver indicacións anexas

A estes efectos e a tenor do artigo 13.2 do Decreto 156/2007, do 19 de xullo arriba mencionado, este convenio contemplará a distribución no tempo das actividades de produción, formación no posto de traballo e de intervención ou acompañamento social, polo que acórdase o compromiso de realizar e participar por parte do traballador, e de promover e posibilitar, por parte da empresa de inserción, as seguintes actividades:

***Actividades de produción<sup>2</sup>***

Descrición	Período	Tempo

***Actividades de formación no horario laboral***

Descrición	Período	Tempo	Responsable de acreditación
Accións formativas individualizadas sen temporalidade determinada	Durante toda a vixencia do contrato	<sup>3</sup>	

***Accións de intervención ou acompañamento social***

Descrición	Período	Tempo	Responsable de seguimento	Responsable de acreditación

<sup>2</sup> Faranse constar aquelas actividades que veñan definidas no contrato de traballo que se asine posteriormente

<sup>3</sup> Consignarase unha porcentaxe mínima dun 5%

Excepcionalmente poderase realizar formación fóra do horario de traballo, coas seguintes condicións:

- Sexa de carácter voluntario para a persoa traballadora e a empresa manifieste a súa conformidade
- Garde relación directa co posto de traballo
- Se rexistre como actividade de formación na táboa correspondente
- Se compense co mesmo número de horas de actividade laboral produtiva

Con respecto á acreditación, será a persoa beneficiaria da formación quen se responsabilice da súa entrega ante o persoal técnico responsable do seguimento do convenio de inserción, e a empresa de inserción, pola súa parte, xustificará a compensación realizada do horario laboral.

### **Deberes da empresa**

---

Serán deberes da empresa asumir o establecido na normativa laboral vixente en materia de riscos laborais, no resto na normativa laboral vixente, que inclúe o determinado polo segundo punto do artigo 18º do Decreto 156/2007, a saber:

- a. Proporcionarlle á persoa traballadora a actividade profesional adecuada para o cumprimento do obxecto do contrato e os medios que lle faciliten a adquisición hábitos sociais e de traballo que lle permitan acceder a medidas de acompañamento social.
- b. Responsabilizarse da formación da persoa traballadora en proceso de inserción sociolaboral.

### **Obrigas da persoa traballadora**

---

Serán obrigas da persoa traballadora asumir os deberes que establece a normativa laboral vixente e, dun xeito concreto, o establecido polo segundo punto do artigo 19º do Decreto 156/2007:

- a. Levar a cabo a actividade pactada como obxecto do contrato.
- b. Recibir/ participar na formación teórica e práctica necesaria para levar a cabo a actividade.
- c. Participar activamente no desenvolvemento das medidas de acompañamento que se establezan no presente convenio de inserción.
- d. Colaborar no seguimento do proceso de inserción.
- e. Realizar os seguimentos programados polo equipo técnico de inclusión sociolaboral ou o servizo social comunitario básico.

- f. Accións que faciliten o acceso ao sistema xeral de saúde e acudir as citas necesarias e programadas por outros/as profesionais sempre que estas supoñan unha mellora da súa inserción social e laboral (citas cos servizos de saúde, psicoloxía, etc).
- g. Realizar todas as accións pactadas no presente convenio, encamiñadas ao desenvolvemento dos elementos necesarios para promover a estabilidade persoal, o equilibrio na convivencia e a inserción e participación social

### Revisión, modificación e suspensión do convenio

---

O persoal técnico dos Servizos Sociais comunitarios básicos/ específicos realizará o seguimento das accións do presente convenio cada \_\_\_\_\_ (meses, días...). As accións obxecto de seguimento por parte do persoal técnico referido, comprenderán aquelas descritas na táboa **Accións de intervención ou acompañamento social**, onde figure como **responsable**. Con respecto ao resto das accións incluídas neste epígrafe, o persoal técnico poderá esixir documentos que acrediten a asistencia ou realización das actividades cuxo responsable sexa un terceiro axente ou entidade non asinante deste convenio.

Os resultados deste seguimento poderá derivar nunha revisión e modificación do mesmo e incluso na suspensión da súa aplicación, a tenor do disposto no artigo 14.1 do Decreto 156/2007<sup>4</sup>.

### Inexistencia de relación laboral

---

A subscrición do presente convenio non implicará a asunción por parte do concello de ..... / Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar da existencia de relación laboral nin contractual coas persoas beneficiarias do contrato de traballo na empresa de inserción ....., de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade algunha, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desempeño do seu posto de traballo.

### Causas de resolución

---

Serán causas de resolución do presente convenio de inserción:

- a. Ter acadado os obxectivos previstos no mesmo.
- b. Non terse realizado por parte da persoa beneficiaria, ou por causa imputable á mesma, as actuacións ás que se tiña comprometido.
- c. Acadarse un acordo polas partes.

---

<sup>4</sup> Ver indicacións anexas

- d. O cumprimento do prazo establecido.
- e. Outras causas previstas no ordenamento xurídico.

Todas aquelas cuestións das que se deduza o incumprimento das cláusulas do presente convenio de inserción e relativas aos *procesos de inserción sociolaboral* serán comunicadas ante o órgano competente en Inspección de Servizos Sociais da Consellería de Traballo e Benestar, sen prexuízo do disposto no apartado de *Revisión, modificación e suspensión do convenio*

E para que así conste, asinan a presente en \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 20\_\_.

*Persoa traballadora*

Asdo.: \_\_\_\_\_

*Representante legal da Empresa de  
Inserción Laboral*

Asdo.: \_\_\_\_\_

*Polos servizos comunitarios básicos/  
específicos*

Asdo.: \_\_\_\_\_

## INDICACIÓNS PARA O DESEÑO, DESENVOLVEMENTO E SEGUIMENTO DOS CONTIDOS DO CONVENIO DE INSERCIÓN

Nas **partes asinantes**, eliminarase a opción non válida, “*técnico/a dos Servizos Sociais Comunitarios básicos do Concello de...*” ou “*.. do equipo de inclusión sociolaboral localizado en...*”, segundo corresponda.

No apartado de **obxectivos**, as táboas referidas ás actividades, entenderase por “*Período*” o espazo de tempo comprendido entre dúas datas nas que se desenvolverá a actividade descrita. Mentres que na columna “tempo” cubrirase o horario ou tempo efectivo de realización da actividade, expresado en horas semanais de dedicación.

Na táboa denominada “**Actividades de formación no horario laboral**” xa aparece cuberta a primeira liña, con excepción da columna “tempo”. Refírese a aquelas accións informais dirixidas á formación do traballador que se producen no tempo sen pauta e planificación. Exemplos disto serían: indicacións sobre o uso dunha máquina, o uso do equipo de protección individual, a seguridade laboral...

O resto das accións deste apartado poderán ter a seguinte natureza:

- Accións formativas de índole colectivo impartidas por persoal traballador da propia EIL. Estas xustificaranse mediante actas e/ou partes de asistencia (xúntase modelo a continuación), sendo o responsable da súa acreditación a empresa de inserción laboral.
- Accións formativas impartidas por persoal non dependente da EIL. Estas xustificaranse mediante documento xustificante da asistencia con especificación do horario lectivo no que se desenvolveu. Da emisión deste documento será responsable a entidade impartidora do curso e a persoa participante responsable de presentalo. Este último figurará na columna como responsable de acreditación.

Polo que respecta á táboa de **accións de intervención e acompañamento social** – que cubrirase no caso de incluírse estas como parte do itinerario- engadiuse unha columna a cubrir pola entidade responsable da execución da actividade.

A modo de exemplo, de seguido e unicamente aos efectos de facilitar a cobertura do dito apartado, relaciónanse unha serie de actividades- guía:

- Asistencia ou participación en actividades individuais ou de carácter colectivo dirixidas a promover as habilidades persoais e sociais

- Asistencia ou participación en actividades individuais ou colectivas promotoras da empregabilidade e acceso da persoa ao mercado laboral ordinario, tales como técnicas de busca activa de emprego, talleres de elaboración de currículo, entre outros de semellante finalidade.

En calquera caso, os servizos sociais responsables do seguimento poderán recadar a información precisa para garantir o cumprimento dos obxectivos do convenio vinculados ás actividades de intervención e acompañamento social.

En aras de clarificar o ámbito competencial de cada órgano intervinte, modificouse o epígrafe “**Avaliación do convenio**” por “**Revisión, modificación e suspensión do convenio**”. Desta maneira cúmprese co establecido no Decreto 156/2007 que, a tenor literal, no seu artigo 22 dispón:

1. *As empresas de inserción están suxeitas aos procedementos de inspección laboral establecidos pola normativa vixente.*
2. *Os procesos de inserción sociolaboral en empresas de inserción deben ser obxecto de inspección polo departamento da Administración autonómica competente en materia de inspección dos servizos sociais.*

En aplicación deste artigo, calquera outra incidencia que non implique responsabilidade por parte dese equipo técnico asinante deberá ser cursada ou comunicada ao departamento da Administración autonómica competente.

Así, con respecto ao cumprimento das accións incluídas nos apartados de “**Actividades de produción**” e “**Actividades formativas no horario laboral**”, a información poderá ser recabada a través das persoas traballadoras. As súas achegas/ respostas faranse constar no informe de seguimento correspondente e, ademais, no caso de que estas afecten aos procesos de inserción sociolaboral e se deduza incumprimento por parte da empresa, cursarase o correspondente informe perante o órgano que ten atribuídas as competencias en inspección de Servizos Sociais.